

Publícase a relación de prazas vacantes na Escola Municipal de Música e infórmase da apertura de prazo de preinscrición para novo alumnado - Curso 2019/2020

Finalizado o prazo de renovación de praza do alumnado actual da Escola Municipal de Música para o curso 2019-2020, veñen de publicarse as prazas vacantes e a apertura dos prazos de preinscrición para o novo alumnado.

Do 23 de maio ao 5 de xuño é o prazo establecido para a solicitude de preinscrición na Escola Municipal de Música do novo alumnado que desexe matricularse na oferta educativa da Escola, de acordo coas prazas vacantes para o curso 2019-2020, do que se achega documento.

As persoas interesadas en matricularse deberán cumprimentar o impreso de preinscrición, que poden descargar da web do Concello, pedila na propia EMM ou directamente no Rexistro Xeral ou Auxiliar do Concello, para unha vez cuberta entregala no Rexistro Xeral ou Auxiliar do Concello nos prazos indicados. Neste momento do proceso non é necesario achegar ningunha outra documentación. É requisito imprescindible que a persoa solicitante figure empadroada no Concello de Santiago cunha antigüidade mínima de seis meses no momento da preinscrición.

Exposición pública de prazas vacantes para o curso 2019/2020 1ª convocatoria

PRAZAS INSTRUMENTAIS SEGUNDO O PLAN EDUCATIVO (1)		
Especialidade	PEX (de 8 a 15 anos)	PEPA(a partir dos 16 anos)
BAIXO ELÉCTRICO	1	0
CELLO	1	1
CLARINETE	0	1
FRAUTA TRAVESEIRA	0	2
PERCUSIÓN	1	1
PIANO	2	3
TROMPETA	3	0
VIOLA	0	1
VIOLÍN	0	1

Escola Infantil de Música (1)	
Especialidade	nº prazas
Preparatorio a Música e Movemento (3 anos) 4º infantil	12
Música e movemento 1 (4 anos) 5º infantil	1
Música e movemento 2 (5 anos) 6º infantil	12
Iniciación ao linguaxe musical 1 (6 anos) 1º primaria	4
Iniciación ao linguaxe musical 2 (7 anos) 2º primaria	6

Escola Aberta (1)		
Especialidade	PEX	PEPA
Coro e Linguaxe Musical	-	10
Coro de adultos	-	10
Linguaxe Musical	-	10

(1) A obtención de praza non garante que os horarios que se ofrecen sexan compatibles coas necesidades dos solicitantes.